



AGADEA Alzheimer crea unha rede de apoio ás familias dos seus centros na Estrada

Ante a situación excepcional de estado de alerta o persoal do Centro de día Municipal da Estrada e do Servizo de Estimulación ofrécenlles as persoas usuarias un servizo de atención psicolóxica

Dada a importancia de manter as rutinas, as profesionais tamén fan entrega de material de estimulación, vía telemática ou incluso levándollo aos seus propios domicilios

A Estrada. Sábado, 6 de abril, 2020. – O illamento social e a corentena no domicilio son situacións estresantes para calquera, pero máis para persoas con demencia, que poden non entender a situación. Por este motivo a Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer (AGADEA), con dous servizos na Estrada, o Centro de día Municipal e o Servizo de Estimulación Terapéutica, puxo en marcha, dende o primeiro momento unha rede de apoio as persoas usuarias e as súas familias.

Ademais, a coordinadora do Centro de día, Sonia Castro está en contacto co departamento de Servizos Sociais do concello da Estrada para informar e poñer no seu coñecemento calquera situación de necesidade e manter, desta forma, a toda a poboación atendida.

As actividades que se están a realizar coas persoas usuarias do Centro de Día Municipal de A Estrada e do Servizo de Estimulación Terapéutica, son as seguintes:

- A coordinadora e o equipo técnico do Centro de día e do Servizo de Estimulación Terapéutica está de maneira telemática para atender calquera dúbida por parte das familias
- Realízase un **seguimento telefónico** por parte do persoal de forma coordinada.
- Ofrécese entrega de **dossiers de material de estimulación cognitiva** personalizados elaborados polo equipo técnico, a aquelas persoas usuarias cuxos familiares que así o soliciten. Este material entrégaselles por

ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER
Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 | 647 589 725



correo electrónico. Non obstante, aquelas familias que non dispoñan de acceso a TICs, faise a **entrega a domicilio** por parte do persoal da asociación.

- **Proporciónase apoio psicolóxico** a aquelas familias que o soliciten ou que se valoran como susceptibles do servizo mediante a realización das chamadas de seguimento.
- **Proporciónase apoio social** a aquelas familias que o solicitan para a coordinación con servizos sociais municipais e coa traballadora social do centro de saúde.

Para acceder a estes servizos se teñen que pór en contacto coa asociación no teléfono 651 981 863 ou no e-mail cdiaaestrada@agadea.org